Comunícaselle que se procederá á inclusión no padrón da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos e ademais achegarase liquidación polo importe da placa. Unha vez efectuado o pago, deberá pasar a recoller a placa na oficina nº 210, do 2º andar do Concello.

Ademais da placa deberá complementarse coa sinalización horizontal de prohibición de estacionar, para o que deberá acudir á Policía Local onde lle informarán da forma de levala a cabo.

O titular desta autorización será responsable da súa axeitada instalación e do correspondente mantemento e bo uso. (Exp. URB/2025/000904).

PRP2025/4410

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dña. Celia González-Garra González, para colocación de vao permanente na rúa do Caravel, nº 11 -Vilaboa (Ref. Cat.:36060A017001810000GF), conforme á Ordenanza Municipal de Circulación e os informes da Policía Local e do técnico municipal, baixo as seguintes condicións:

A anchura do vao é de 4,00 metros e non son necesarias obras de rebaixe.

Comunícaselle que se procederá á inclusión no padrón da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos e ademais achegarase liquidación polo importe da placa. Unha vez efectuado o pago, deberá pasar a recoller a placa na oficina nº 210, do 2º andar do Concello.

Ademais da placa deberá complementarse coa sinalización horizontal de prohibición de estacionar, para o que deberá acudir á Policía Local onde lle informarán da forma de levala a cabo.

O titular desta autorización será responsable da súa axeitada instalación e do correspondente mantemento e bo uso. (Exp. URB/2025/000790).

PRP2025/4411

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Nicolás Viqueira Pérez para colocación de vao permanente na rúa Jesús Garrido, 15, Carril (Ref. Cat.:8980145NH1188S0001HQ), conforme á Ordenanza Municipal de Circulación e os informes da Policía Local e do técnico municipal, baixo as seguintes condicións:

Trátase dunha entrada/saída de vehículos cun ancho de 2,40 metros, a anchura do vao é de 3,10 m. , supoñería a supresión dunha praza de estacionamento e sería necesario o rebaixe do bordo da beirarrúa.

Achégase esquema dos detalles do rebaixe, cumprindo co establecido no decreto 35/2000 do 28 de Xaneiro polo que se aproba o Regulamento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na comunidade autónoma de Galicia.

Comunícaselle que se procederá á inclusión no padrón da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos e ademais achegarase liquidación polo importe da placa. Unha vez efectuado o pago, deberá pasar a recoller a placa na oficina nº 210, do 2º andar do Concello.

Ademais da placa deberá complementarse coa sinalización horizontal de prohibición de estacionar, para o que deberá acudir á Policía Local onde lle informarán da forma de levala a cabo.

O titular desta autorización será responsable da súa axeitada instalación e do correspondente mantemento e bo uso.

Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende

a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2025/000846).

PRP2025/4412

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Marcos Comesaña Castro, para colocación de vao permanente narúa Sobrán nº 61A (Ref. Cat.:7747019NH1174N0001PD), conforme á Ordenanza Municipal de Circulación e os informes da Policía Local e do técnico municipal, baixo as seguintes condicións:

Trátase dunha rúa de dobre sentido de circulación, a anchura do vao é de 2,80 m. e non serían necesariias obras de rebaixe.

Comunícaselle que se procederá á inclusión no padrón da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos e ademais achegarase liquidación polo importe da placa. Unha vez efectuado o pago, deberá pasar a recoller a placa na oficina nº 210, do 2º andar do Concello.

Ademais da placa deberá complementarse coa sinalización horizontal de prohibición de estacionar, para o que deberá acudir á Policía Local onde lle informarán da forma de levala a cabo.

O titular desta autorización será responsable da súa axeitada instalación e do correspondente mantemento e bo uso. (Exp. URB/2025/000561).

PRP2025/4414

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Ricardo Eiras Padín para colocación de vao permanente na Avd. Rosalía de Castro, 123 (Ref. Cat.:8978806NH1187N0001AX), conforme á Ordenanza Municipal de Circulación e os informes da Policía Local e do técnico municipal baixo as seguintes condicións:

Trátase dunha entrada/saída de vehículos cun ancho duns 1,80 metros, a anchura do vao é de 3,00 m., supoñería a supresión dunha praza de estacionamento en liña e sería necesario o rebaixe do bordo da beirarrúa.

Achégase esquema dos detalles do rebaixe, cumprindo co establecido no decreto 35/2000 do 28 de Xaneiro polo que se aproba o Regulamento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na comunidade autónoma de Galicia.

Comunícaselle que se procederá á inclusión no padrón da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos e ademais achegarase liquidación polo importe da placa. Unha vez efectuado o pago, deberá pasar a recoller a placa na oficina nº 210, do 2º andar do Concello.

Ademais da placa deberá complementarse coa sinalización horizontal de prohibición de estacionar, para o que deberá acudir á Policía Local onde lle informarán da forma de levala a cabo.

O titular desta autorización será responsable da súa axeitada instalación e do correspondente mantemento e bo uso.

Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.
- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. URB/2025/000839).

PRP2025/4415

Informar favorablemente a solicitude de licenza presentada por D. Rubén Menéndez Fernández en representación de NEDGIA GALICIA SA, para obras de acometida na rede de canalización de gas na rúa Santa Lucía, 4, consistentes en nova canalización de 10 ml PE diámetro 90 mm e 2,4 m de acometida en PE diámetro 63 para alimentación de gas, baixo as seguintes condicións:

- Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
- Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.

Reposicións:

Reposición da beirarrúa: en tramo completo, coa mesma tipoloxía cá existente.

Gabia Lonxitudinal:

Para a reposición da gabia lonxitudinal do vial afectado, deberá procederse ao **fresado da metade do carril**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respectando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.

- Para a reposición do vial estarase o disposto na ordenanza municipal de Circulación de Vilagarcía de Arousa, debendo solicitar con 7 días de antelación a execución dos traballos, que terán a consideración de obras “vinculadas” á licenza de obra concedida.
- O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
- No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
- Establécese unha fianza de 2.000,00 €, que se vinculará con cargo o aval de 60.000 € suscrito por Gas Galicia, SDG, S.A. segundo convenio fiscal, como garantía de reposición de servizos afectados polas obras de acometida de gas. (Expte. URB/2025/001046)

PRP2025/4416

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Gustavo Antonio Rey Abalo, para acometida á rede de saneamento na rúa Travesa, 8, Fontecarmoa (Ref. Cat. 8951421NH1185S0001LL), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo do Concello (Diego teléf. 670.507.938), co que o interesado convirá o momento da súa execución, que realizará baixo a súa inspección e vixilancia.

- Repoñeranse todos os servizos municipais afectados ao seu estado inicial.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro e o ramal de acometida será con tubo de PVC de diámetro 160 mm como mínimo.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública, disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición de 60 x 60 cm.
- A fianza de 500 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas acometidas queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Expte. URB/2025/001002)

PRP2025/4426

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dna. M^a Mercedes Fojo Santamarina, para colocación de vao permanente na rúa Santa Lucía, 6 bx (Ref. Cat.:9564003NH1196N0001DO), conforme á Ordenanza Municipal de Circulación e os informes da Policía Local e do técnico municipal, baixo as seguintes condicións:

A anchura do vao é de 3,00 m., supoñería a supresión dunha praza de estacionamento en liña e, segundo manifesta a interesada, non sería necesario o rebaixe do bordo da beirarrúa posto que a altura é pequena podendo acceder sen dificultade.

Comunicaselle que se procederá á inclusión no padrón da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos e ademais achegarase liquidación polo importe da placa. Unha vez efectuado o pago, deberá pasar a recoller a placa na oficina nº 210, do 2º andar do Concello.

Ademais da placa deberá complementarse coa sinalización horizontal de prohibición de estacionar, para o que deberá acudir á Policía Local onde lle informarán da forma de levala a cabo.

O titular desta autorización será responsable da súa axeitada instalación e do correspondente mantemento e bo uso. (Exp. URB/2025/000665).

PRP2025/4427

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Francisco Javier Rey Catoira, para colocación de vao permanente na Avd. Rosalía de Castro, 156 (Ref. Cat.: 8980161NH1188S0001FQ), conforme á Ordenanza Municipal de Circulación e os informes da Policía Local e do técnico municipal baixo as seguintes condicións:

A anchura do vao é de 2,60 m , supoñería a supresión dunha praza de estacionamento e non sería necesario o rebaixe do bordo da beirarrúa.

Comunicaselle que se procederá á inclusión no padrón da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por entradas de vehículos e ademais achegarase liquidación polo importe da placa. Unha vez efectuado o pago, deberá pasar a recoller a placa na oficina nº 210, do 2º andar do Concello.

Ademais da placa deberá complementarse coa sinalización horizontal de prohibición de estacionar, para o que deberá acudir á Policía Local onde lle informarán da forma de levala a cabo.

O titular desta autorización será responsable da súa axeitada instalación e do correspondente mantemento e bo uso. (Exp. URB/2025/000741).

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

PRP2025/4405

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Guillermo Norberto Estévez Lukaszewicz, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar, na rúa 1º de Maio nº 11, Arealonga, de conformidade co Modificado de proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar, redactado polos arquitectos D. Roberto Lores Padín, Dna. Margarita González Adán e D. Alejandro Costas Falcón, con visado colexial de data 13.11.2024 e Planos A01, B01, C01, C02, C03, C04, C05.1, C05.2, C05.3, C06.1, C06.2, C07, C08, C09 e C10 do Modificado de proxecto básico e de execución, visados o 25.09.2025. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo de Núcleo Rural - Grao 3 (NP3)
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,50 m.; 25%
4. Orzamento de execución material: 205.351,36 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 0764310NH2106S0001BH
6. Técnicos directores das obras:

Directores das obras D. Roberto Lores Padín e D. Alejandro Costas Falcón

Director de execución e Coordinador de seguridade e saúde: Dna. Fuensanta

Barcala Martínez

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- Rematadas as obras, e con carácter previo a súa ocupación, deberá formularse comunicación previa de primeira ocupación (Art. 142.3 LSG) aportando a documentación esixida no Art. 355. 3 do RLSG(Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización

das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegárase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración). Así como certificación acreditativa da inscrición no Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa da superficie cedida ao Concello libre de cargas e gravames.(Expt. URB/2021/000434)

PRP2025/4406

Informar favorablemente a solicitude presentada por INVERSIONES VIDAL PEREZ S.L, para segregación de parcelas en solo urbano de uso industrial na rúa Perrón, Rubiáns (Ref. Cat.:0853945NH2105S), de conformidade co proxecto de parcelación e segregación de parcelas redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Pablo Sabarís Escudero, asinado electronicamente o 19.09.2025.

Segundo o proxecto presentado a distribución das parcelas quedaría como a seguir se indica:

- Parcelas iniciais:
 - Parcela A.- 1.844,00 m²
 - Parcela B.- 2.086,17 m²
- Parcelas segregadas:
 - Parcela A1.- 889,68 m²
 - Parcela A2.- 954,32 m²
- Parcelas resultantes:
 - Parcela A1.- 889,68 m²
 - Parcela A2+B.- 3.040,49 m²

(Exp.:URB/2025/000156)

PRP2025/4407

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Ricardo Bouzas Fernández, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar en Camiño Agro do Monte nº 4, Sobradelo, de conformidade co proxecto modificado de proxecto básico e de execución para vivenda unifamiliar illada en planta baixa, redactado polo Arquitecto D. Juan Carlos Morgade Portas, con visado colexial de data 15.07.2025, e documento de cesión dos terreos afectados pola traza viaria para a súa incorporación á vía pública asinado con data 23.10.2025. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo de Núcleo Rural - Grao 2 (NP2)
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: residencial
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,50 m.; 40% (p. baixa 80%)
4. Orzamento de execución material: 112.250,50 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 8347705NH1184N0001UJ

6. Técnicos directores das obras: Arquitecto D. Juan Carlos Morgade Portas

Director das obras D. Juan Carlos Morgade Portas

Director de execución e Coordinador de seguridade e saúde: D. Jose M. Millán

Armas

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- Rematadas as obras, e con carácter previo a súa ocupación, deberá formularse comunicación previa de primeira ocupación (Art. 142.3 LSG) aportando a documentación esixida no Art. 355. 3 do RLSG(Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración). Así como certificación acreditativa da inscrición no Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa da superficie cedida ao Concello libre de cargas e gravames.

Así mesmo, infórmase favorablemente as obras ordinarias de urbanización e obras de acometidas aos servizos municipais de auga e saneamento, condicionado ao cumprimento as condicións establecidas no informe do enxeñeiro técnico municipal de data 08.10.2025, que a seguir se indican: OBRAS DE ACOMETIDA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo da Concesionaria de augas, Espina e Delfin, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 40 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x

40 cms., e no seu interior colocárase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocárase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.

OBRAS DE ACOMETIDA REDE DE SANEAMENTO

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo municipal de obras do concello, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A conexión á rede de saneamento xeral, neste caso, será por bombeo (impulsión)..

PAVIMENTACIÓN EXTERIOR DO VIAL

- Completarase a pavimentación exterior do vial na totalidade da fronte da parcela, respectando as rasantes de pendentes existentes no vial público ao que dá fronte a parcela. Neste apartado inclúese a posta en cota con respecto á rasante do vial de todas as tapas de arquetas e pozos de rexistro, así como todas as obras complementarias á pavimentación que garantan a correcta execución e funcionalidade da mesma.

RECUAMENTOS

- Non poderá quedar nas zonas de dominio público vinculadas ás cesións de referencia, ningún tipo de obxecto ou obstáculo que impida ou dificulte a libre circulación de vehículos ou peóns.

RAMPLAS

- No caso de ter que realizar ramplas de acceso á parcela, éstas deberán de executarse fóra da zona de dominio público.

Non se poderá realizar a conexión efectiva ás redes de auga e saneamento ata que non se obteña o título habilitante para a primeira ocupación da vivenda. (Expte. URB/2025/000687)

PRP2025/4422

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Javier Quintáns Berride en representación da COFRADÍA DE PESCADORES SANTIAGO APÓSTOL DE CARRIL, vistos os informes técnico e xurídico, para ampliación da planta baixa na lonxa de Carril, situada na rúa Alameda sn, Carril (Ref. Cat.: 8381301NH1188S0002BW), de conformidade co "Proxecto de ampliación da planta baixa na lonxa de Carril - Documento refundido, setembro de 2025" redactado polo arquitecto D. Carlos Berride Abalo, con visado colexial do 27.10.2025. Consta no expediente resolución de outorgamento da modificación non substancial, non acumulativa para autorización de obras en concesión do dominio público portuario para reforma de distribución de planta baixa, emitida por Portos de Galicia en data 17.06.2025.

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e

nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto. (Expte. URB/2025/000248)

PRP2025/4424

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Óscar Portela Vázquez, vistos os informes técnico e xurídico, para construción de vivenda unifamiliar illada na rúa Travesa nº 11, Fontecarmoa, de conformidade co proxecto básico e de execución para vivenda unifamiliar illada en PB + PA, redactado polo Arquitecto D. Juan Carlos Morgade Portas, con visado colexial de data 20.09.2024, documentación complementaria achegada con data 10.09.2025 (Planos U01, U02, A01, A06 e A07 visados o 09.09.2025) e documento de cesión dos terreos afectados pola traza viaria para a súa incorporación á vía pública asinado con data 06.11.2025. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo de Núcleo Rural - Grao 3 (NP3)
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,50 m.; 25%
4. Orzamento de execución material: 142.152,50 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 8748921NH1184N0001OJ
6. Técnicos directores das obras: Arquitecto D. Juan Carlos Morgade Portas

Director das obras D. Juan Carlos Morgade Portas

Director de execución e Coordinador de seguridade e saúde: D. Jose M. Millán

Armas

- De conformidade co disposto no Art. 145 da LSG o prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de finalización de 3 anos, dende a data do seu outorgamento (Dito prazo computarase dende o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza) Non poderá interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- A concesión de prórrogas dos prazos de inicio e remate das obras condicionarase a que se respete a normativa urbanística vixente no tempo da concesión da prórroga e, no caso de obras xa iniciadas, a que a edificación sexa rematada exteriormente (Art. 145.2 LSG e 359 do RLSG)
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores, a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica,

usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- A licenza entenderase outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, segundo o Art.350.3 do RLSG.
- De ser o caso as obras axustaranse as condicións e contido das autorizacións e informes esixidos pola lexislación sectorial.
- No curso da execución das obras adoptaranse as medidas necesarias ao amparo do disposto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e demais normativa ao respecto.
- Rematadas as obras, e con carácter previo a súa ocupación, deberá formularse comunicación previa de primeira ocupación (Art. 142.3 LSG) aportando a documentación esixida no Art. 355. 3 do RLSG(Certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente. Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración). Así como certificación acreditativa da inscrición no Rexistro da Propiedade de Vilagarcía de Arousa da superficie cedida ao Concello libre de cargas e gravames.

Así mesmo, infórmase favorablemente as obras ordinarias de urbanización e obras de acometidas aos servizos municipais de auga e saneamento, condicionado ao cumprimento as condicións establecidas no informe do enxeñeiro técnico municipal de data 17.12.2024, que a seguir se indican:
OBRAS DE ACOMETIDA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo da Concesionaria de augas, Espina e Delfin, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 40 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.

OBRAS DE ACOMETIDA REDE DE SANEAMENTO

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo municipal de obras do concello, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública, disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 50x50 con emboqueillado de 50x50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- O ramal de acometida será de tubo de PVC mínimo de diámetro 160 mm.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro..

Non se poderá realizar a conexión efectiva ás redes de auga e saneamento ata que non se obteña o título habilitante para a primeira ocupación da vivenda. (Expte. URB/2024/000831)

COMUNICACIÓNS APERTURAS ESTABLECEMENTOS

PRP2025/4420

Informar favorablemente a comunicación previa de apertura de establecemento formulada por Dña. Ana María Parada López, para inicio da actividade de despacho profesional e administración (Epígrafe 899) e outras actividades de ensinanza (Epígrafe 933.9) en local situado na rúa Cervantes nº 8 - 1º, con referencia catastral 9560804NH1196S0004FB, de conformidade coa documentación presentada e informe técnico de visita de comprobación emitido ao respecto en data 10.11.2025. (Expt. ACTI/2024/000141)

ASUNTOS VARIOS

PRP2025/4399

Informar favorablemente a solicitude presentada pola entidade RTR INVERSIONES SALNES SL, vistos os informes técnicos e xurídico, para aprobación inicial do "Proxecto de urbanización para apertura de vía entre Avd. de Cambados e rúa San Cibrán. Refundido" a desenvolver na parcela con referencia catastral 7851511NH1175S0001QG situada na Avenida de Cambados nº 149, Vilaxoán, redactado polo arquitecto D. Manuel Rodríguez Fontán con sinatura electrónica de data 15.05.2025 e polo enxeñeiro de camiños D. Rodrigo A. Rey Monteagudo con sinatura electrónica de data 14.05.2025.

Consta autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 24 de abril de 2024, ditada no expediente autonómico 1450/24. E no relativo á conexión coa estrada PO-549, consta autorización favorable da Consellería de Infraestruturas, expediente IF204A/PO/2024/0540.

O expediente deberá someterse a información pública polo prazo de un mes mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión na provincia de Pontevedra.

Notificarase individualmente a aprobación inicial aos titulares catastrais dos terreos afectados. (Exp. P/2024/000003) (R.U. 267)

TERRAZAS

PRP2025/4353

Informar favorablemente o arquivo da solicitude para instalación de terraza no establecemento "Beiramar" situado na Avd. Valentín Viqueira nº 1, Carril, presentada por D. Óscar Leiro Santos, dado que na actualidade estase a tramitar expediente de terraza a nome do novo propietario. (Expt. T/2022/000005).

PRP2025/4354

Informar favorablemente o arquivo da solicitude para instalación de terraza no establecemento "Cafetería Venecia" situado na rúa Arcebispo Xelmírez nº 9, presentada por Dña. Sandra Piay Crespo, dado que na actualidade estase a tramitar expediente de terraza a nome do novo propietario. (Expt. T/2023/000001).

PRP2025/4356

Informar favorablemente o arquivo da solicitude para instalación de terraza no establecemento "Petit & Fashion" situado na Avd. Rosalía de Castro, presentada por WALGISMAR S.C., dado que se realizou un cambio de titular do establecemento aceptado por resolución de alcaldía de data 06.10.2025. (Expt. T/2023/000005).

PRP2025/4357

Informar favorablemente o arquivo da solicitude para instalación de terraza no establecemento "Amodiño" situado na rúa Aquilino Iglesia Alvariño, 13 Bx, presentada por EL TRASTERO DE DAVID Y SUSO S.L., posto que xa consta resolución de autorización de terraza de data 16/10/2025 a nome do novo titular . (Expt. T/2024/000012).

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:25 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.